

# CAMPAÑA DE PROMOCIÓN COMERCIAL VAL DO DUBRA 2018

## BASES DO SORTEO

### 1. ¿EN QUÉ CONSISTE?

Trátase dun sorteo de varios premios:

- 1.1. Unha viaxe para dúas persoas a Canarias, con un tope de 1000€ de custo.
  - 1.2. Un lote de compra de produtos e servizos en calquera das empresas participantes na campaña, por importe de 400€.
  - 1.3. Un lote de compra de produtos e servizos en calquera das empresas participantes na campaña, por importe de 300€.
  - 1.4. Un lote de compra de produtos e servizos en calquera das empresas participantes na campaña, por importe de 200€.
  - 1.5. Un lote de compra de produtos e servizos en calquera das empresas participantes na campaña, por importe de 100€.
2. Os premios inclúen: produtos en comercios, servizos de hostalería e restauración, traballos realizados por calquera dos socios dentro da súa actividade ou servizos tales como: perruquería, fisioterapia, seguros de todo tipo, etc.

### 3. ¿QUÉN ORGANIZA?

O sorteo corre a cargo da Asociación Dubresa de Empresarios e Autónomos, ADEA, con C.I.F. G-15892904, e domicilio social na Rúa San Lorenzo nº 20- Bemibre, concello de Val do Dubra; con oficinas sitas en Rúa Corredoira s/n- e teléfono 635.670.003.

### 4. ¿QUÉN PODE PARTICIPAR NO SORTEO?

- 4.1. As empresas e comercios participantes posúen rifas, que entregarán ós seus clientes cando estes realicen compras.
- 4.2. Non poderán ser premiados en rifas da propia empresa, os empresarios autónomos, Administradores e socios das empresas participantes, así como familiares destes en primeiro grao (pais, fillos), pero si poderán resultar premiados se teñen rifas doutro comercio ou empresa que non sexa a súa.

### 5. DURACIÓN DA CAMPAÑA

A campaña durará dende a entrega das rifas ás empresas e comercios ata o día 15 de xaneiro de 2019 inclusive.

### 6. ¿QUÉ EMPRESAS PARTICIPAN?

Aquelas empresas, socios de ADEA, que se comprometan previamente na campaña, posto que terán que abonar un mínimo de 60€ cada unha.

### 7. ¿CANTAS RIFAS ENTRAN NO SORTEO?

Cada empresa terá un mínimo de 400 rifas á súa disposición. Tamén poderán dispoñer de máis lotes de 200 rifas facendo máis aportacións. Por cada lote de 200 rifas a maiores terá que aportar 30 euros (200 rifas por 30 euros, 400 rifas por 60 euros, etc.)

## 8. PROCEDEMENTO DO SORTEO

- 8.1. O sorteo levarase a cabo ante notario o día 16 de xaneiro de 2019.
- 8.2. O primeiro número será o premiado coa viaxe, o segundo co lote de compra e servizos de 400 euros, e o terceiro co lote de compra e servizos de 200€.
- 8.3. Seguidamente elixiranse tres números suplentes para cada premio.
- 8.4. Segundo o método empregado pola notaría para levar a cabo este sorteo, os resgardos das rifas non serán necesarios e polo tanto non serán recollidos.

## 9. PREMIOS

- 9.1. Disporase do prazo de 30 días, dende a data do sorteo, para presentar as rifas premiadas, a presentación das mesmas fóra deste prazo fará que estas non se teñan en conta.
- 9.2. Os números premiados co sorteo así como os números reservas, expóranse nos comercios e no portal web da asociación [www.adeadubra.com](http://www.adeadubra.com)
- 9.3. A viaxe poderá realizarse no prazo de un ano en temporada baixa. No caso de que a persoa premiada desexe adquirir unha viaxe por importe superior, esta deberá aboar a cantidade que supere os 1000 euros, prezo da viaxe prevista. En este caso é necesario factura acreditativa da axencia a nome da asociación. Esta viaxe non poderá ser canxeada por diñeiro nin por lotes de compras e servizos. No caso de que a persoa premiada non desexe disfrutar do premio, poderá ceder o mesmo a unha terceira persoa, previa presentación dun escrito á esta entidade que confirme tal cesión.
- 9.4. Os lotes de compra e servizos deberán adquirirse no prazo máximo de tres meses dende o sorteo, e ningún deles poderá ser cambiado por diñeiro.
- 9.5. Os premiados cos lotes de compra deberán presentar á asociación os correspondentes xustificantes dos gastos.
- 9.6. A entrega dos premios farase en acto público, de forma simbólica, representativa da entrega, debendo estar presentes os premiados ou, en último caso, un representante acreditado dos mesmos.

## 10. ANULACIÓN DA CONCESIÓN

Calquera vulneración destas bases ou do espírito e finalidade, poderá dar lugar á non concesión do premio.

## 11. ÓRGANO ADMINISTRATIVO

O Consello de Dirección de ADEA será quen decida sobre calquera conflito relacionado con este sorteo.

## 12. DEPÓSITO DAS BASES

As presentes bases estarán depositadas durante a campaña, na notaría de D. José Manuel Amigo Vázquez, notario de Santiago de Compostela, sita na Rúa de Montero Ríos, nº 17.

O CONSELLO DE DIRECCIÓN DE ADEA